



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

DIRECTRIZ 1001.2

**Creación e operativa de
comisións**



Esta obra está baixo unha licenza de Creative Commons (BY-NC-SA)
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0>

CONTIDO

1	Preámbulo.....	3
	1.1 Obxectivo.....	3
	1.2 Ámbito de aplicación.....	3
	1.3 Alcance.....	3
2	Marco normativo.....	3
3	Norma xeral.....	5
	3.1 Pertenza.....	5
	3.2 Proposición, invitación e nomeamento.....	5
	3.3 Cese.....	5
4	Norma de comisións.....	6
	4.1 Creación.....	6
	4.2 Tipos.....	6
	4.3 Composición.....	6
	4.4 Operativa.....	7
	4.5 Disolución.....	7
5	Norma de grupos de traballo.....	7
	5.1 Creación.....	7
	5.2 Tipos.....	8
	5.3 Composición.....	8
	5.4 Operativa.....	8
	5.5 Disolución.....	8
6	Data de aprobación e entrada en vigor.....	9



1 PREÁMBULO

1.1 Obxectivo

Establecer as normas de creación e funcionamento das comisións do CPEIG.

1.2 Ámbito de aplicación

Membros da Xunta de Goberno e compoñentes das comisións e grupos de traballo.

1.3 Alcance

- Mecanismos de pertenza, proposición, invitación e nomeamento.
- Mecanismo de creación das comisións e grupos de traballo.
- Operativa das comisións e grupos de traballo.
- Representación do colexio a través das comisións e grupos de traballo.

2 MARCO NORMATIVO

- 1 O Artigo 13.f) dos Estatutos do CPEIG recolle como un dos dereitos dos/das colexia-dos/as:

“Formar parte das comisións ou grupos de traballo que se establezan segundo o regu-lamento interno ou decisión da Xunta de Goberno.”

- 2 O Artigo 22.3) dos Estatutos do CPEIG recolle que:

“Dentro da Xunta de Goberno poderá constituírse unha comisión permanente para atender os asuntos urxentes e aqueles que nesta comisión delegue a Xunta de Gober-”

no. A comisión permanente estará formada polo/pola presidente/a, o/a secretario/a, o/a vicepresidente/a e o/a tesoureiro/a, e estará validamente constituída cando estean presentes polo menos os dous primeiros e un dos dous últimos.”

- 3** O Artigo 23.7 dos Estatutos do CPEIG recolle que unha das competencias da Xunta de Goberno é:

“Presentar estudos, informes e ditames cando lle sexan requiridos, asesorando desta forma os órganos do Estado e calquera entidade pública ou privada. Para estes efectos, a Xunta de Goberno poderá designar comisións de traballo ou designar os membros do Colexio que considere oportuno para preparar os ditos estudos ou informes.”

- 4** O Artigo 23.14 dos Estatutos do CPEIG recolle que unha das competencias da Xunta de Goberno é:

“Crear comisións abertas por iniciativa propia ou a proposta dos/das colexiados/as de acordo co establecido nas normas de réxime interno.”

- 5** O Artigo 26.6 dos Estatutos do CPEIG recolle como unha das atribucións do/da presidente/a:

“Exercer a representación do Colexio e dos seus órganos deliberantes e xestionar os asuntos deste ante autoridades e entidades públicas ou privadas, sen prexuízo de que en casos concretos poida tamén a Xunta de Goberno, no nome do Colexio, encomendar as ditas funcións a determinados membros do mesmo ou comisións constituídas.”

- 6** O Artigo 28.6 dos Estatutos do CPEIG recolle como unha das atribucións do/da secretario/a:

“Formar parte da comisión de visados designada pola Xunta de Goberno, asinar os visados que se efectúen, levar o rexistro dos visados de traballos profesionais e denegar o visado cando se incumpran as súas normas reguladoras.”

- 7** O Artigo 34.2.d) dos Estatutos do CPEIG recolle como recursos económicos extraordinarios co colexio:

“Os dereitos por estudos, informes e ditames que emita a Xunta de Goberno ou as comisións nas que aquela delegue a súa realización.”

3 NORMA XERAL

3.1 Pertenza

Os/As compoñentes dunha comisión ou grupo de traballo deberán ser membros colegiados/as, salvo casos excepcionais que serán xustificados mediante un informe favorable do/da presidente/a do colexio que deberá ser aceptado pola Xunta de Goberno.

3.2 Proposición, invitación e nomeamento

- 1 Os/As compoñentes das comisións e grupos de traballo serán propostos/as, invitados e nomeados/as en Xunta de Goberno.
- 2 A invitación a formar parte dunha comisión ou grupo de traballo realizarase por medio dun escrito remitido polo/a secretario/a do colexio co visto e praxe do/a presidente/a do colexio. No caso de compoñentes pertencentes á Xunta de Goberno o trámite de invitación poderá ser substituído por un acordo de nomeamento expreso que deberá reflectirse na acta da Xunta de Goberno.
- 3 A aceptación da invitación para formar parte dunha comisión ou grupo de traballo deberá ser expresa mediante un documento remitido ao/á presidente/a do colexio.

3.3 Cese

- 1 O cese nunha comisión ou grupo de traballo, salvo causas de forza maior, deberá ser expresa mediante un documento remitido ao/á presidente/a do colexio. No caso de compoñentes pertencentes á Xunta de Goberno este trámite poderá ser substituído por un acordo de cese expreso que deberá reflectirse na acta da Xunta de Goberno.
- 2 Poderanse producir ceses por acordo da maioría dos membros da Xunta de Goberno.

4 NORMA DE COMISIONS

4.1 Creación

- 1 Para unha mellor organización e distribución da labor da Xunta de Goberno, esta poderá crear as comisións que considere convenientes.
- 2 A creación dunha comisión deberá reflectirse na correspondente acta da Xunta de Goberno.
- 3 A composición da comisión e as súas normas de actuación axustaranse ao establecido pola Xunta de Goberno a través desta directriz.

4.2 Tipos

- 1 As comisións poderán ser permanentes ou temporais, segundo se determine en cada caso e o seu traballo.
- 2 Unha comisión permanente é aquela que precisa unha continuidade no tempo debido ao carácter perdurable do traballo enmarcado na mesma.
- 3 Unha comisión temporal é aquela que ten un horizonte temporal claro e limitado, xa sexa para desenvolver actividades puntuais ou porque as competencias a ela atribuídas non contan cun nivel de perdurabilidade suficiente como para ser constituída con carácter permanente.

4.3 Composición

- 1 Todas as comisións deberán contar, polo menos, cun/cunha membro da Xunta de Goberno.
- 2 Todos/as os/as vocais da Xunta de Goberno deberán estar presentes, polo menos, e salvo causas de forza maior, nunha comisión.

- 3 Cada comisión contará cun/cunha presidente/a elixido/a polos/las integrantes da mesma entre os/as membros da Xunta de Goberno que formen parte da comisión, sendo o/a representante válido/a da comisión ante calquera organismo.
- 4 O nomeamento do/da presidente/a dunha comisión deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno e reflectirse na correspondente acta.

4.4 Operativa

O/A presidente/a da comisión dará conta das actividades da comisión ante a Xunta de Goberno sempre que o considere oportuno ou lle sexa requirido por algún/algunha membro da mesma.

4.5 Disolución

- 1 A disolución dunha comisión, tanto permanente como temporal, correspóndelle á Xunta de Goberno a proposta do/da presidente/a do colexio.
- 2 A disolución dunha comisión deberá reflectirse na correspondente acta da Xunta de Goberno.
- 3 A disolución dunha comisión implica a disolución de todos os seus grupos de traballo.

5 NORMA DE GRUPOS DE TRABALLO

5.1 Creación

- 1 Dentro das comisións poderanse crear tantos grupos de traballo como se consideren oportunos para o desenvolvemento das tarefas a ela encomendadas.
- 2 A creación dun grupo de traballo realizarase baixo petición do/da presidente/a da comisión e tras a aprobación da Xunta de Goberno.
- 3 A creación dun grupo de traballo deberá reflectirse na correspondente acta da Xunta de Goberno.

- 4 A composición do grupo de traballo e as súas normas de actuación axustaranse ao establecido pola Xunta de Goberno a través desta directriz.

5.2 Tipos

- 1 Os grupos de traballo poderán ser permanentes ou temporais, segundo se determine en cada caso e o seu traballo.
- 2 Un grupo de traballo permanente é aquel que precisa unha continuidade no tempo debido ao carácter perdurable do traballo enmarcado no mesmo.
- 3 Un grupo de traballo temporal é aquel que ten un horizonte temporal claro e limitado, xa sexa para desenvolver actividades puntuais ou porque as competencias a el atribuídos non contan cun nivel de perdurabilidade suficiente como para ser constituído con carácter permanente.

5.3 Composición

- 1 Cada grupo de traballo contará con un/unha portavoz, elixido/a polos/las integrantes da mesma entre os/as compoñentes do grupo de traballo, sendo o/a representante válido/a do grupo de traballo ante calquera organismo.
- 2 O nomeamento do/da portavoz dun grupo de traballo deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno e reflectirse na correspondente acta.

5.4 Operativa

O/A portavoz do grupo de traballo dará conta das actividades do grupo de traballo ante o/a presidente/a da comisión sempre que o considere oportuno ou cando lle sexa requirido por algún/algunha compoñente da mesma.

5.5 Disolución

- 1 A disolución dun grupo de traballo correspóndelle á Xunta de Goberno, a proposta do/da presidente/a da comisión.

- 2** A disolución dun grupo de traballo deberá reflectirse na correspondente acta da Xunta de Goberno.

6 DATA DE APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

A presente directriz foi aprobada na Xunta de Goberno 2012/01, celebrada o 3 de febreiro de 2012, e entrará en vigor o 4 de febreiro de 2012.

O secretario

Juan José González Cid

Visto e prace
O presidente

Fernando Suárez Lorenzo